

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 30 DE ABRIL DE 2019.

Asistentes

ALCADESA:

M.<sup>a</sup> CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ  
M.<sup>a</sup> TERESA DEVESA GRAÑA  
M.<sup>a</sup> ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ  
M.<sup>a</sup> ISABEL POISA REY  
MANUEL CID PÉREZ  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA  
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PsdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRÍGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

MAXIMINO JARDÓN PEDRAS

---\*\*\*---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as vinte horas (20.00) do día trinta de abril do dous mil dezanove, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros relacionados no encabezamento, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Por razóns de calendario electoral, a presente sesión extraordinaria substitúe, a todos os efectos, á ordinaria do 26 de abril de 2019. Polo tanto, inclúe todos os asuntos propios dunha sesión ordinaria.

Non asistiron á sesión as concelleiras que a continuación se indican, quenes, previamente, comunicaron a súa ausencia por razóns persoais:

OLGA QUINTANA DEVESA, concelleira do BNG  
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ, concelleira do PP.

Sen incidencias.

En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación na sesión do 26 de outubro de 2018, en materia de administración electrónica, na que se aprobou a adaptación dos libros de actas e de resolucións a soporte electrónico, a gravación da presente sesión vai efectuarse en modo audio e vídeo que recollerá a literalidade das intervencións. Todos os concelleiros e concelleiras poderán ter acceso directo á dita gravación a través da URL **<https://www.youtube.com/watch?v=hHLvhggliSk>**

Segundo o citado acordo plenario, ademais dos restantes datos preceptivos, a acta reflectirá o contido dos acordos alcanzados.

As gravacións íntegras da sesión quedan depositadas en Secretaría a disposición de todos os membros da Corporación.

---\*\*\*---

#### **ORDE DO DIA**

- 1. ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás sesións celebradas os días 22.03.2019 e 01.04.2019**
- 2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
- 3. Declaración de apoio á iniciativa de nomeamento pola Deputación Provincial de fillo predilecto da provincia a D. Alfredo Conde Cid.**
- 4. ELECCIÓNS LOCAIS E AO PARLAMENTO EUROPERO DO 26 DE MAIO.- Sorteo das mesas electorais.**
- 5. Procedemento aberto e trámite ordinario para a concesión do servizo do restaurante "Fábrica de Vilanova".- Aprobación da adxudicación definitiva.**
- 6. Moción do BNG sobre a posible deslocalización da empresa Unitono Ourense.**
- 7. Moción do PP para paliar o déficit de profesionais especialmente en atención primaria.**
- 8. Moción do PsdeG-PSOE: Concellos ao servizo das persoas.**
- 9. Rogos e preguntas.**

---\*\*\*---

**1. ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás sesións celebradas os días 22.03.2019 e 01.04.2019**

Apróbanse, sen modificación algunha, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta coporación local.

**2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala a Alcaldesa.

**3. Declaración de apoio á iniciativa de nomeamento pola Deputación Provincial de fillo predilecto da provincia a D. Alfredo Conde Cid.**

Visto o escrito polo que se recaba o apoio do Concello para que por parte da Deputación Provincial se nomee a D. Alfredo Conde Cid fillo predilecto a provincia en atención ós numerosos méritos acadados na súa traxectoria como autor literario, entre os que destaca o Premio Nacional de Literatura.

O Pleno, pola maioría absoluta legal dos membros da Corporación, cos votos favorables do BNG (8) e PP (2), coa abstención do PsdeG-PSOE (1), ACORDA:

A probar unha declaración de apoio á iniciativa de nomeamento pola Deputación Provincial de fillo predilecto da provincia a D. Alfredo Conde Cid en atención ós numerosos méritos acadados durante a súa traxectoria como autor literario.

**4. ELECCIÓNS LOCAIS E AO PARLAMENTO EUROPEO DO 26 DE MAIO.- Sorteo das mesas electorais.**

Resultando que polo Real Decreto 209/2019, do 1 de abril, convócanse eleccións locais que se se celebrarán o vindeiro 26 de maio, xunto coas eleccións ao Parlamento Europeo, é polo que, de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, procede designara os Presidentes e Vocais de cada Mesa Electoral, así como a dous suplentes para cada un dos membros da Mesa, mediante sorteo por procedemento informático aleatorio.

En efecto, o artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, dispón que corresponde aos concellos, baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona, a formación das Mesas por sorteo público.

No uso da autorización dictada pola Xunta Electoral de Zona de Ourense (XEZ) no seu acordo de data 3 de agosto de 2016, o sorteo dos membros das mesas inclúe tamén o sorteo dunha LISTA DE RESERVA para cubrir os postos dos membros de mesa designados aos que se lle admita excusa pola Xunta Electoral de Zona. Esta lista de espera estará integrada polos suplentes 3º e 4º.

A continuación, de acordo cos termos sinalados, e tralas explicación oportunas dadas polo Secretario, procédese, sen mais, ao sorteo por procedemento informático aleatorio na forma habitual.

Resultado do sorteo:

Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 1	Sección 1	Mesa A
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

TITULARES

PRESIDENTE/A	GARCIA	CAMBA	ROI	44482264-B
1r VOGAL	DOMARCO	CONDE	SIRA	34986533-Z
2º VOGAL	CONDE	PEREZ	ALBERTO	34930470-W

SUPLENTE

1r de Presidente	DOMARCO	CID	JOSE RAMON	34969565-C
2º de Presidente	CONDE	FERREIRA	SERGIO	22596144-R
3º de Presidente	ARAUJO	NOVOA	ALBERTO	15398716-D
4º de Presidente	ALEJO	PEREZ	MANUEL	28529663-A
1r de 1r VOGAL	GONZALEZ	PEREZ	EVA	34874791-Y
2º de 1r VOGAL	ESPIÑEIRA	QUINTAS	ANTONIO	44497119-P
3º de 1r VOGAL	GONZALEZ	VILA	GENEROSO	15359007-K
4º de 1r VOGAL	FERNANDEZ	SEOANE	ANTONIO	32653959-P
1r de 2º VOGAL	CONDE	CID	CRISTINA ISABEL	44454038-Y
2º de 2º VOGAL	CALVIÑO	BORRAJO	MIGUEL ANGEL	44453198-V
3º de 2º VOGAL	GARCIA	ARIAS	JOSEFA	34987922-T
4º de 2º VOGAL	GONZALEZ	LOVELLE	DANIEL	34995476-X



Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 1	Sección 2	Mesa A
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

TITULARES

PRESIDENTE/A	CID	CID	JAVIER	34946698-S
1r VOGAL	CID	CID	ALBERTO	44446503-S
2º VOGAL	CONDE	CHRISTENSEN	CRISTINA	44655435-S

SUPLENTES

1r de Presidente	GONZALEZ	NIETO	JULIO MIGUEL	34906755-T
2º de Presidente	GONZALEZ	ALVAREZ	IRIA PAZ	44449274-A
3º de Presidente	MENOR	DACRUZ	SERVANDO ANTONIO	34992918-M
4º de Presidente	QUINTAS	REJO	EVA	44658563-S
1r de 1r VOGAL	QUINTANA	OUTEIRIÑO	CARLOS JUAN	76716611-L
2º de 1r VOGAL	FERNANDEZ	SAA	MANUELA	34997805-Q
3º de 1r VOGAL	BLANCO	MEIRE	LAURA	44341167-L
4º de 1r VOGAL	BARDELAS	GIL	MANUEL	35315497-D
1r de 2º VOGAL	EZQUERRA	VERNET	MAITE	50219237-W
2º de 2º VOGAL	EIRO	FERNANDEZ	JOSEFA	34941190-G
3º de 2º VOGAL	QUINTAS	REJO	LORENA	44489114-F
4º de 2º VOGAL	ALVAREZ	FERNANDEZ	BEGOÑA	44460000-B

Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 1	Sección 2	Mesa B
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

TITULARES

PRESIDENTE/A	DIEGUEZ	MOSQUERA	ALBERTO	34974087-B
1r VOGAL	ROBLEDA	LAMELAS	LUCIA	44468485-D
2º VOGAL	LEON	LEON	RAMON	76725962-D

SUPLENTES

1r de Presidente	SEARA	LAMAS	LAURA	44469168-W
2º de Presidente	RODRIGUEZ	GONZALEZ	OSCAR	44452464-L
3º de Presidente	BARREIRO	CAMPOS	SANDRA	76728669-W
4º de Presidente	GONZALEZ	MOREIRAS	LUIS FRANCISCO	34978415-S
1r de 1r VOGAL	MALLO	LEIRA	MARCOS	53111115-K
2º de 1r VOGAL	PEREZ	VAZQUEZ	JOSE BENITO	44467358-D
3º de 1r VOGAL	VILAS	MARTINEZ	JOSE MIGUEL	76859469-R
4º de 1r VOGAL	CID	VILA	JOSE ANTONIO	76717479-J
1r de 2º VOGAL	FERREIRO	BORRAJO	MARIA JOSE	34943966-C
2º de 2º VOGAL	BURGOS	TORTOSA	ZELTIA	32815792-J
3º de 2º VOGAL	MORALES	AÑEL	MIGUEL	34984651-H
4º de 2º VOGAL	FERNANDEZ	RODRIGUEZ	MARIA CARMEN DEL	34265810-L

Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 1	Sección 2	Mesa C
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

#### TITULARES

PRESIDENTE/A	GOMEZ	VILANOVA	NOELIA	44661474-M
1r VOGAL	VAZQUEZ	CID	ANA BELEN	76723576-S
2º VOGAL	CARRILLO	PAZ	ISABEL MARIA	34999124-R

#### SUPLENTES

1r de Presidente	CONDE	CID	JOSE RAMON	34921114-F
2º de Presidente	SUAREZ	MEES	HERMINIO	001953242
3º de Presidente	PIÑEIRO	VEIRAS	GONZALO	76777845-G
4º de Presidente	SUAREZ	MEES	JUAN	44491082-C
1r de 1r VOGAL	FERNANDEZ	FERREIRO	ALFONSO	44449290-L
2º de 1r VOGAL	ABET	GARCIA	DIEGO	34628417-P
3º de 1r VOGAL	ESPINOSO	CONDE	LORENA	44482380-N
4º de 1r VOGAL	PINTO	ALDEMIR	MARIA BELEN	34627734-S
1r de 2º VOGAL	PONCE	LUCENA	ANTONIO	05350331-W
2º de 2º VOGAL	LORENZO	LOPEZ	MARIA TRINIDAD	76718942-G
3º de 2º VOGAL	FERNANDEZ	SOUSA	LOIS	44489333-L
4º de 2º VOGAL	NIETO	VILA	OSCAR	76725299-J



Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 1	Sección 3	Mesa A
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

**TITULARES**

PRESIDENTE/A	DURAN	LOPEZ	EVARISTO	44449866-C
1r VOGAL	DOMINGUEZ	MENDEZ	RAQUEL MARIA	76728621-T
2º VOGAL	CID	RODRIGUEZ	JOSE MANUEL	34963991-N

**SUPLENTES**

1r de Presidente	ESTEVEZ	CARPINTERO	MARIA LUISA	51077635-V
2º de Presidente	BLANCO	CENDON	SANDRA	76727974-C
3º de Presidente	ESTEVEZ	RODRIGUEZ	OSCAR	44486880-G
4º de Presidente	FERNANDEZ	CID	RAUL	44657191-T
1r de 1r VOGAL	FRAGA	GIL	FERNANDO	44492981-X
2º de 1r VOGAL	BLANCO	MIGUEZ	FELIPE	34965019-M
3º de 1r VOGAL	FERNANDEZ	IGLESIAS	CRISTINA	44655721-W
4º de 1r VOGAL	CASERO	AGUION	CRISTINA	44462579-Z
1r de 2º VOGAL	CASTRO	FEIJOO	MANUEL	76724202-C
2º de 2º VOGAL	AUGUSTO	DOS SANTOS	PEDRO	76711324-E
3º de 2º VOGAL	CID	RODRIGUEZ	MARIA CARMEN	10078466-G
4º de 2º VOGAL	FERNANDEZ	SUAREZ	MARIA ISABEL	76701886-Z

Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 1	Sección 3	Mesa B
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

TITULARES

PRESIDENTE/A	TRIGO	VAZQUEZ	XURXO	44448266-F
1r VOGAL	LAGO	CERVIÑO	MARTA	36153649-H
2º VOGAL	VARELA	PARDO	HENRY	44469745-G

SUPLENTES

1r de Presidente	LORENZO	NESPEREIRA	JACOBO	44478406-V
2º de Presidente	RODRIGUEZ	GARRIDO	BENITA	44478640-K
3º de Presidente	RODRIGUEZ	LABORDA	MARIA SOL	34628274-A
4º de Presidente	POZA	TESOURO	SARA	15390310-K
1r de 1r VOGAL	QUINTANA	CONDE	JORGE	44474978-Q
2º de 1r VOGAL	NOVOA	ALVAREZ	MARIA LUCIA	45160070-F
3º de 1r VOGAL	PEREZ	BORRAJO	JUAN JOSE	76727667-N
4º de 1r VOGAL	MIRAZ	PENA	DAVID	32747131-F
1r de 2º VOGAL	LORENZO	AGROMAYOR	BERARDO	76706699-C
2º de 2º VOGAL	PEREZ	NOGUEIRAS	JOSE ANTONIO	44499514-B
3º de 2º VOGAL	PATO	GARCIA	SARA	44660693-Y
4º de 2º VOGAL	LOPEZ	BLANCO	JOSE JAVIER	43678515-C

Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 2	Sección 1	Mesa A
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

TITULARES

PRESIDENTE/A	BORRAJO	CASTRO	JUAN CARLOS	76714642-M
1r VOGAL	LORENZO	ALVAREZ	ELISABETH	44494293-B
2º VOGAL	OLMOS	VAZQUEZ	JOSE	43692393-Y

SUPLENTES

1r de Presidente	IGLESIAS	SUAREZ	JUAN CARLOS	44446006-R
2º de Presidente	VILLARINO	SEARA	ARACELI	44496727-F
3º de Presidente	MENDEZ	CONDE	ARUCA	76730822-Q
4º de Presidente	TRIGO	LAGE	DIEGO	44488331-Y
1r de 1r VOGAL	FERREIRO	ANDRADE	NIEVES	45144227-B
2º de 1r VOGAL	PARDO	AVIÑO A	LAURA	44659307-T
3º de 1r VOGAL	ANDRADE	ARIAS	ARTURO	15353611-F
4º de 1r VOGAL	FERNANDEZ	PARADA	PABLO	44446353-A
1r de 2º VOGAL	ABADIN	FERREIRO	MILAGROS	34973174-H
2º de 2º VOGAL	PIÑEIRO	PIÑEIRO	SONIA	44471089-Z
3º de 2º VOGAL	GUILLEN	ZAPATA	MARIA DE LOS ANGELES	49712016-T
4º de 2º VOGAL	FERNANDEZ	LOPES	MARCOS	44655364-J

Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 2	Sección 1	Mesa B
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

#### TITULARES

PRESIDENTE/A	PEREZ	SOLA	MARIA ELSA	07526263-L
1r VOGAL	GONZALEZ	DOMINGUEZ	ELENA	49709613-N
2º VOGAL	FERREIRA	LOPEZ	MARIA	15925151-C

#### SUPLENTES

1r de Presidente	NOVOA	FERRO	DANIEL	44448279-C
2º de Presidente	ALVAREZ	REAL	MARIA EUGENIA	53517510-Y
3º de Presidente	FERRO	RIVERO	RAQUEL	34907659-F
4º de Presidente	QUINTAS	RAMOS	DIEGO	44483666-X
1r de 1r VOGAL	FERNANDEZ	COELLO	JAVIER	76726635-S
2º de 1r VOGAL	ROMERO	FERREIRO	LUIS ALBERTO	44457257-M
3º de 1r VOGAL	NOGUEIRAS	FERNANDEZ	LUIS	34920656-D
4º de 1r VOGAL	ROMERO	FERREIRO	MARIA JOSE	34986648-Z
1r de 2º VOGAL	NOGUEIRAS	FERNANDEZ	PILAR	34934662-P
2º de 2º VOGAL	QUINTAS	NOVOA	MANUEL	34986184-X
3º de 2º VOGAL	QUINTAS	DEVESA	JUAN MANUEL	44468296-G
4º de 2º VOGAL	SATOCA	SANCHEZ	CELIA	22983823-S

Circunscrición electoral OURENSE	Municipio ALLARIZ	Distrito censal 2	Sección 1	Mesa C
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI

**TITULARES**

PRESIDENTE/A	BARROS	CID	TAMARA	44492674-W
1r VOGAL	QUINTAIROS	FERNANDEZ	MARINA DEL MAR	76716143-B
2º VOGAL	CID	PEREZ	JOSE LUIS	34947456-Z

**SUPLENTES**

1r de Presidente	ALVAREZ	PAZ	MARY TRINI	44465889-N
2º de Presidente	TRONCOSO	SCHULZ	RAMON	34971994-B
3º de Presidente	FERRO	CID	ANA	34992913-T
4º de Presidente	CID	BLANCO	JOSE LUIS	34911162-Z
1r de 1r VOGAL	LEDO	BELLO	ANA	76825230-D
2º de 1r VOGAL	ALONSO	SANTANA	ELENA	44480837-X
3º de 1r VOGAL	DOMINGUEZ	VAQUERO	DAVID	44469742-R
4º de 1r VOGAL	BLANCO	MIGUEZ	RUBEN	44472892-T
1r de 2º VOGAL	LORENZO	CID	DIANA	44476422-B
2º de 2º VOGAL	CID	BABARRO	OSCAR	44467123-G
3º de 2º VOGAL	CID	CALVO	AITOR	44499688-R
4º de 2º VOGAL	CID	FERNANDEZ	LUISA	34935792-B

**5. Procedemento aberto e trámite ordinario para a concesión do servizo do restaurante "Fábrica de Vilanova".- Aprobación da adxudicación definitiva.**

Visto o expediente de contratación para a concesión do servizo de restaurante "Fábrica de Vilanova" incluído o mantemento das instalacións do inmovible, aprobado por acordo do Pleno da Corporación de data 22 de marzo de 2019, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para a xestión do servizo público de Restaurante de Vilanova.

Resultando que a convocatoria do procedemento de licitación foi publicada na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia na data do 25/03/2019 con data de presentación de ofertas ata as 14.00 horas do 09/04/2019.

Que, en tempo e forma, presentouse unha única oferta no nome e representación da mercantil FOGAR DO SANTISO, S.L.

Que, con data 10/04/2019, ás 12.00 horas celebrouse unha mesa de contratación constituída conforme ó disposto na cláusula 10ª do prego da cláusulas económico administrativas particulares aprobadas, declarando conforme a documentación presentada por don José Agustín Santiso Miramontes en representación da mercantil FOGAR DO SANTISO, S.L. admitindo a plica presentada. Procedeuse no mesmo acto á apertura do sobre letra <<C>> que contén a documentación ponderable a través de xuízos de valor. Analizado o proxecto de explotación

presentado a mesa por unanimidade acorda outorgarlle a puntuación **de 4,5 puntos**. Seguidamente procedeuse a apertura do sobre <<B>> que contén a documentación cuantificable automaticamente, resultando da súa oferta os seguintes datos:

Canon ofrecido: 100.100 euros

Investimentos en melloras estimado: 180.000€-200.000€

Experiencia: O representante da sociedade licitadora informa sobre a ampla experiencia no sector da restauración.

Creación de emprego: Infórmase sobre a necesidade de entre 3 e 10 persoas para cubrir todos os horarios de apertura ao público.

De acordo cos criterios de valoración indicados na cláusula novena do Prego, a plica presentada obtivo unha puntuación de 10 puntos de acordo co seguinte resultado:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Canon	5
Investimentos	2
Experiencia e formación	2
Creación de emprego	1
TOTAL	10

Finalmente a Mesa de Contratación acordou valorar a única proposición presentada cunha puntuación total de 14,5 puntos, de acordo cos criterios de valoración expostos e coa documentación aportada polo licitador.

Resultado que atendido o requirimento oportuno a empresa constituíu unha garantía definitiva por valor de 5.005 euros, equivalente ao 5 por 100 do prezo final ofertado, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, mediante un ingreso efectivo de 3.005,00 euros depositado na conta do concello en Banco Santander de Allariz por Fogar do Santiso, SL que, mais a fianza provisional por importe 2.000,00 euros xa depositada no Concello, constitúe o total da garantía definitiva, outorgándose carta de pago dos correspondentes movementos contables.

Acreditado así mesmo o ingreso do prezo ofertado mediante transferencias á conta da que é titular o Concello de Allariz na entidade Banco Pastor, S.A., por importe de 95.000 euros e 26.121 euros.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación,

O Pleno da Corporación, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta entidade local, ACORDA:

PRIMEIRO. Adxudicar o concurso público para a concesión do servizo de restaurante da Fábrica de Vilanova, incluído o mantemento das instalacións do inmovible consistentes no propio restaurante, da terraza sita no campo de Vilanova e o xardín situado na entrada da mesma, á sociedade FOGAR DO SANTISO, S.L., con CIF B15964745 e domicilio fiscal No lugar Trasellas-Luou, s/n - 15886 TEO (A Coruña), representada neste acto por don José Agustín Santiso Miramontes, polo prezo de CEN MIL CEN EUROS (100.100 €), mais o IVE correspondente, polo prazo de vinte anos.

SEGUNDO. Autorizar a celebración do contrato en documento administrativo que se outorgará dentro dos quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

TERCEIRO. Facultar á Alcaldesa, María Cristina Cid Fernández, para a celebración do contrato administrativo.

O contratista poderá, non obstante, solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos, quedando facultada, igualmente, a Alcaldesa para a elevación a escritura pública do contrato administrativo.

## **6. Moción do BNG sobre a posible deslocalización da empresa Unitono Ourense.**

Vista a moción de data 25 de abril de 2019 promovida polo BNG da que deu conta o seu concelleiro, Alberto Conde Rodríguez, nos seguintes termos:

O pasado mes de abril de 2019 o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que as sospeitas dunha futura deslocalización que o Comité de Empresa levaba tempo advertindo tiñan cada vez meirandes indicios. Polo tanto, é necesario e urxente que o Concello de Allariz e as forzas políticas e institucións galegas se comprometan a prol do mantemento dos postos de traballo en Ourense.

Cómpre recordar que Unitono Contact Center é unha empresa situada no Parque Tecnolóxico de Ourense, no Polígono de San Cibrao. Aínda que na actualidade o volume de traballadores e traballadoras é de 131, o cadro de persoal chegou a elevarse até 250 noutros momentos.

Esta plataforma da empresa Unitono presta os seus servizos de forma exclusiva para a empresa eléctrica Gas Natrnl Fenosa, coñecida como Naturgy a partir de xuño de 2018, e fundamentalmente para clientes de enerxía eléctrica do mercado regulado. Desde hai algúns meses a perda de funcións así como a baixada de chamadas foron levantando as alertas por parte dos e das traballadoras. De feito, esta era unha cuestión que reiteradamente puxeron de manifesto a representación legal dos e das traballadoras e sobre a que remitiron sucesivos escritos e peticións de información á dirección da empresa. Nunha das máis recentes, o pasado 14 de marzo, a empresa respondía ao Comité que se ben se confirmaba unha nova plataforma en Reus, esta xestionaría chamadas de Naturgy libre mercado desde o 1 de abril por esixencia do cliente, pero non chamadas de GNSUR.

Porén, a realidade é que no día a día do traballo as e os traballadores ven na aplicación informática como existen tipificacións (é dicir, rexistros de operacións levadas a cabo por outros traballadores e traballadoras) procedentes tanto de Reus como de Colombia. Polo tanto, resulta cada vez máis evidente que malia a opacidade de Unitono está a haber un baleirado da carga de traballo. Así mesmo, a demora no pacto de cuestións comprometidas como a posta en marcha dun mecanismo de incentivos e outras decisións respecto das formacións internas da empresa fan sospeitar que a plataforma ourensá periga e as e os traballadores veñen de iniciar paros e mobilizacións para defender a súa permanencia e os postos de traballo.

Cómpre recordar que xa no ano 2013 esta plataforma de Unitono atravesou por unha situación complicada que culminou un ERTE despois do que, grazas ao sobre esforzo do cadro de persoal, a empresa continuou a súa actividade.

Esta situación é de extrema gravidade xa que estamos a falar fundamentalmente da comarca de Ourense e dos seus arredores, con graves problemas laborais e de fixación de poboación que se verían agravados de deslocalizarse ou minorarse a actividade desta empresa, agravando o deterioro do sector servizos.

Así mesmo, cómpre recordar que falamos de que o cliente exclusivo desta plataforma é unha empresa eléctrica, orixinalmente con vínculos galegos, e que se lucrea grazas á explotación dos nosos recursos naturais, cun importante impacto en Ourense. Polo tanto, é esixíbel que unha das compensacións sexa a través do mantemento dos postos de traballo derivados no noso país, cando menos nunha parte. Porén, co paso dos anos a destrución do emprego é constatábel ao tempo que se promoven plataformas noutros puntos de Europa ou América.

Finalmente, cómpre lembrar que tal e como teñen demandado forzas sindicais e asociacións en defensa da lingua, esta deslocalización impediría pola vía dos feitos unha vía de atención en lingua galega minorando os dereitos das e dos galegos e perdendo unha oportunidade de fixación de emprego con base a este dereito.

Por todos estes motivos, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego considera que unha eventual deslocalización desta empresa sería especialmente grave e o goberno galego debe impulsar actuacións contundentes que favorezan a súa permanencia en Ourense.

Parte Resolutiva:

O Pleno do Concello de Allariz insta ao Goberno Galego á realizar as seguintes actuacións:

1. Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición os recursos da Xunta de Galiza coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.

2. Realizar xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de esixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa Unitono en Ourense e dos postos de traballo actualmente existentes, tomando todas as medidas de presión necesarias.

3. Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar a carga de traballo necesaria para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.

4. Demandar da compañía eléctrica a garantía do dereito das e dos galegos a seren atendidos en galego pola empresa prestadora do servizo de atención telefónica e contribuír a s e m a d e ao mantemento do emprego en Galiza no sector dos centros de chamadas.

5. Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.

Sometido o asunto a votación resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión dos trece que legalmente integran esta Corporación local.



## **7. Moción do PP para paliar o déficit de profesionais especialmente en atención primaria.**

Vista a moción de data 24 de abril de 2019 promovida polo PP da que deu conta a súa portavoz, Luz Doporto Real, seguintes termos:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sanidade pública galega dispoñemos dos recursos necesarios para unha axeitada cobertura asistencial, se ben é evidente que a situación de "paro case 0" en medicina familiar e comunitaria, ou "paro 0" en pediatría, que afecta a todas as Comunidades Autónomas nestes momentos, representa unha grande dificultade, e imposibilita a cobertura de todas as ausencias dos titulares, aos que temos que agradecerlles o esforzo para garantir a excelente calidade asistencial que dispensamos.

É sobradamente coñecido que en Galicia, e no resto de España, existe un déficit de pediatras. España é un dos poucos países en Europa que aposta pola Pediatría en Atención Primaria, e Galicia, dentro do contexto nacional, é unha das comunidades con maior taxa de cobertura pediátrica, próxima ao 90%.

Non hai dúbida de que dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutiva, dotada de profesionais competentes, non exenta de dificultades, como as tensións derivadas da ausencia de persoal substituto e dunha viraxe socio demográfica cara á cronicidade e á pluripatoloxía, propias do envellecemento, que fan necesaria unha evolución do modelo exitoso do que temos desfrutado ata agora.

Dende o Servizo Galego de Saúde téñense tomado importantes medidas de mellora dende hai anos (OPES anuais, prolongación da idade de xubilación, concurso aberto e permanente, carreira profesional, contrato de continuidade), pero é o momento de ir máis aló.

Por iso, en decembro iniciamos un proceso, o máis participativo en atención primaria, que non conta con antecedente na nosa Comunidade e posiblemente en ningunha outra.

Porque as medidas a adoptar pasan inescusablemente pola participación de todos: as Administracións públicas, os profesionais e a cidadanía, porque todos somos responsables de manter o que tanto tempo nos levou construír. Imponse o diálogo e as decisións compartidas.

Non todas as medidas corresponden á Administración Autonómica, necesitamos do Goberno Central e doutras administracións.

Por todo isto, o grupo municipal popular do concello de Allariz. solicita ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**, polos que se insta ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social a:

- Impulsar unha norma que flexibilice e axilice o procedemento de acreditación de Unidades docentes para a Formación Sanitaria Especializada que permita aumentar a oferta de prazas de formación de especialistas (Médicos de Familia e Pediatras), e axilizar, do mesmo modo, a acreditación das Unidades docentes pendentes, especialmente naquelas especialidades consideradas como deficitarias polas Comunidades Autónomas (Médicos de Familia e Pediatras).
- Poñer en marcha a vía extraordinaria de acreditación de persoal de enfermería especialista en Enfermería Familiar e comunitaria.

- Eliminar a taxa de reposición que se ven aplicando no ámbito das institucións sanitarias e permitir con elo a convocatoria de Ofertas Públicas de Emprego que permitan incrementar a estabilidade dos profesionais sanitarios dos Servizos de Saúde nas especialidades que sexan deficitarias (Médicos de Familia e Pediatras).
- Modificar a normativa pola que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde para incentivar a retención de especialistas en prazas de difícil cobertura ou en especialidades deficitarias nomeadamente en Atención Primaria, establecendo un criterio homoxéneo para a catalogación destas prazas.
- Reducir os prazos de tramitación e resolución dos expedientes de homologación de títulos de especialista extracomunitarios.
- Poñer en marcha o Rexistro Estatal de Profesionais sanitarios para poder realizar, en base ao mesmo, os estudos de necesidades de especialistas precisos para as sucesivas convocatorias de prazas de especialistas en formación.
- Recoñecemento dos traballadores sociais como profesionais sanitarios.

#### **TRANSACCIÓN:**

O BNG propón engadir no último punto da parte resolutiva a seguinte engádega (a continuación de profesionais sanitarios):

*Mais dotacións de traballadores sociais nos Centros de Saúde.*

O grupo municipal do PP acepta a transacción proposta.

Debatida amplamente moción nos termos expostos, someteuse a votación o texto inicial que incorpora a transacción proposta polo BNG e aceptada polo PP.

#### Resultado da votación:

VOTOS A FAVOR:	10	[PP (2) e BNG (8)]
VOTOS EN CONTRA:	1	PsdeG-PSOE (1)

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal dos membros da corporación.

#### **8. Moción do PsdeG-PSOE: Concellos ao servizo das persoas.**

Vista a moción de data 22 de abril de 2019, promovida polo PSdeG-PSOE da que deu conta a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, seguintes termos:

Os Concellos son a administración pública da que máis se percibe a inxusta realidade das persoas que na nosa Comunidade malviven na pobreza ou na exclusión social. Séguese a constatar o incumprimento de dereitos fundamentais. Para 612.000 galegos e galegas tampouco se cumpre o noso Estatuto de Autonomía cando fala do dereito a participar na vida política, económica, cultural e social.

A piques de celebrar unhas eleccións municipais, resulta evidente que a recuperación económica non está chegando as persoas en pobreza severa. En Galicia 192.000 (7,1%) persoas vivían no 2017 nesta situación. A feminización da pobreza avanza tamén en Galicia, onde 24,4% de mulleres seguen en risco de pobreza ou exclusión social, fronte ao 20,7% dos homes.

É urxente e vital para o futuro da nosa terra loitar contra o empobrecemento de mozos e mozas así como evitar a súa transmisión interxeneracional e que o 80% das nenas e nenos que hoxe viven en familias na pobreza estean condenados a sufrila o resto da súa vida, así como as súas fillas e fillos.

Co risco de que a pobreza e a desigualdade se croniquen, nas videiras eleccións municipais, son imprescindibles compromisos firmes e resultados inmediatos na mellora da calidade de vida das persoas.

Por todo o anteriormente exposto e recollendo os principios da Rede Galega de Loito Contra a Pobreza e a Exclusión Social, vimos a propor a adopción dos seguintes acordos:

1. Creación dunha Mesa pola inclusión social e o emprego, que asegure a participación política e técnica entre todas as institucións e axentes sociais implicados.
2. Implantar un programa de emprego municipal para persoas en situación de exclusión que evite a dispersión de medidas e que asegure a coparticipación constante das empresas e a integralidade de tódalas etapas do proceso de inserción sociolaboral.
3. Deseñar actuacións específicas para mozos e mozas que abandonan o sistema educativo ou con dificultades para manterse no mesmo.
4. Fomento do emprego de calidade, potenciando a creación de empresas e iniciativas de economía social e solidaria e a súa participación nos procesos de contratación pública municipal.
5. Manter servizos básicos contra a exclusión territorial e a pobreza rural: sanitarios, sociais, educativos, transporte e vivenda e erradicación da fenda dixital e de acceso as novas tecnoloxías.

#### **TRANSACCIÓN:**

O BNG propón que se engada ó primeiro punto da parte resolutiva o seguinte texto (despois de "axentes sociais implicados"):

..."nomeadamente, Xunta de Galicia e Deputación". Acéptase.

Sometida a votación a moción coa incorporación da transaccional exposta, apróbase por acordo unánime dos once concelleiros presentes na sesión dos trece que legalmente integran esta Corporación.

## 9. Rogos e preguntas.

Non se presentaron por escrito nin rogos nin preguntas. Presencialmente presentáronse os seguintes.

9.1 Grupo municipal do Partido Popular. A súa portavoz, Luz Doporto Real formula oralmente os seguintes.

### 9.1.1 Rogos.

1. Verquidos.- No cruce entre os pobos de Rodicio e Seoane, baixa un regato do monte coñecido como Penamá e Seoane estáse producindo un verquido por unha rotura na rede de saneamento, do cal, segundo os veciños, o concello xa ten coñecemento, pois xa estiveron alí, pero non quedou arranxado. Roga que á maior brevidade se solucione esta avaría.

Responde a Alcaldesa sinalando que toma nota do rogo para ver o tema con Espina & Delfín.

2. Marquesina.- Os veciños de Amiadoso teñen demandado en mais dunha ocasión a instalación dunha marquesina na parada do autobús. Roga que, á maior brevidade posible, se vexa se se pode atender esta petición porque parece axeitado que os usuarios do autobús podan estar a cuberto.

Responde a Alcaldesa sinalando que toma nota do rogo.

### 9.1.2 Preguntas

1. Sobre os postos da feita, ¿cáles son os criterios de adxudicación?

Responde a Alcaldesa sinalando que, actualmente, hai unha lista de persoas interesadas que, cando hai unha baixa dalgún dos titulares dun posto e, dependendo do sector no que se ubica, adxudícaselle ó petionario que figura na lista de espera. Isto en teoría, porque na práctica o que se fai é unha comunicación ó concello da cesión do posto, normalmente por relevo xeracional. Cree a Alcaldesa que se debería introducir algún cambio nos criterios de adxudicación, que se xestione directamente polo departamento da área de promoción económica, non pola Policía Local como se está a facer; que se revise a lista porque seguramente moitos dos que se puntaron xa non están interesados, porque xa ten anos, que se abra un prazo de revisión e inscrición, cuns criterios de adxudicación establecidos nunha ordenanza.

Engade, por último, a portavoz do Partido Popular que convén que se lle dé unha resposta aos solicitantes que figuran na lista de espera e se establezcan criterios claros de adxudicación, e se evite que haxa postos vacíos.

Aclara a Alcaldesa que non hai postos vacíos. Non obstante, sinala, estase abrindo un debate indebido en rogos e preguntas. Reitera que non hai postos vacíos; ocorre que a xente paga o seu posto durante seis meses o cal significa que ten dereito ao seu posto durante ese tempo, veña o non á feira. Pode haber unha aparencia de postos vacíos pero non é así.

2. Accesibilidade.- En relación cunha moción sobre accesibilidade presentada polo seu grupo, quere saber se se iniciaron os traballos de redacción do proxecto para garantir a accesibilidade aos espazos públicos, tal como se acordou.

Responde a Alcaldesa sinalando que se efectuou unha reunión con COGAMI quenes se comprometeron a trasladar unha propostacos criterios de accesibilidade revisados polos seus técnicos, unha vez que realicen unha visita ás instalacións do concello nas que se pretende actuar. Logo, se convocaría unha reunión con todos os grupos para dar conta e aprobar xa coa nova corporación.

9.2 Grupo municipal do PSdeG-PSOE. A súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba formula oralmente os seguintes.

#### 9.2.1 **Rogos.**

1. Estacionamentos disuasorios en Acearrica. Acondicionar, logo de negociar cos propietarios, unha parcela nesta zona para evitar os estacionamentos indebidos e facilitar o tránsito de vehículos, sobre todo na época estival. A parcela suxerida está actualmente baldía.  
Responde a Alcaldesa sinalando que toma nota do rogo.

2. Estacionamento habilitado na praza Modesto Seara. Sería convinte acondicionar, no tocante ó firme, para evitar a polvareda que se levanta, así como tamén vallar as fincas colindantes tal e como estaban segundo lle reclaman alguhas veciñas e veciños afectados.

Responde a Alcaldesa sinalando que o concello non vai facer peches en ningunha das propiedades que hai en Modesto Seara porque ésta é unha obriga que corresponde a cada un dos propietarios. O concello cando fixo esa explanada non tocou ningún dos cierres das fincas o que fixo foi a limpeza dos terreos para habilitalos para estacionamento. Non parece de recibo que o concello acometa peches (cierres) de propiedades privadas, afirma a Alcaldesa. Así se lle explicou á persoa que fixo a reclamación.

#### 9.2.2 **Preguntas.**

1. Vehículos de Protección Civil cedidos, ¿foron adscritos a outros servizos distintos dos inicialmente previstos?

Responde a Alcaldesa sinalando que sí. Explica que o concello recibiu fai anos un vehículo de protección civil. Ese vehículo, ó cabo duns anos -o Servizo de Protección Civil da Consellería está ó tanto porque se falou con eles, sinala-. Despois dunha avería que tiñamos no coche Policía Local foi reconvertido para este servizo evitando que o concello tivera que facer unha inversión na adquisición doutro vehículo e a Dirección Xeral é coñecedora desta circunstancia. Por parte da Dirección de Protección Civil se nos dixo que éramos dos poucos concellos que estaba facendo un dos mellores usos dos vehículos cedidos porque, por desgraza, estanse a facer usos dos vehículos de protección civil que pouco teñen que ver coas actividades propias do concello. É verdá que se fixo este cambio e que está en coñecemento da Dirección Xeral. A cesión ó concello fíxose a través dun convenio un tanto estraño porque foi a través do Fondo de Compensación Ambiental.

2. No lugar de Lama de Mouro estase abrindo unha pista. Solicita información sobre a mesma.

Responde a Alcaldesa sinalando que, en realidade non se está procedendo á apertura dunha pista, e tampouco é en Lama de Mouro. Estáse facendo un desmonte nunha finca, retirando material acumulado con ocasión das obras da autovía (explica o concelleiro de Medio Ambiente).

Solicítuouse unha licenza para revertir os terreos ó seu estado orixinal, sinala a Alcaldesa, pois había un expediente aberto pola APLU para revertir ó seu estado unha vez que se remataron as obras de construción da Autovía; por eso se desmontou a antiga nave. Aclara que a zona é coñecida como o Portiño, non Lama de Mouro, e solicituouse a oportuna licenza municipal.

Finalmente, a Alcaldesa, *dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e vinte minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

*A Alcaldesa, María Cristina Cid Fernández.*

*O Secretario, Maximino Jardón Pedras.*